

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 222/2015

1. Vista a necesidade deste Concello de realizar obras de Saneamento de fecais Avecil-este (Ponte Caldelas).

2. De acordo co artigo 121 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, aprobación e replanteo do proxecto técnico que debe conter os documentos aos que fai referencia o artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011 e os seus correlativos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro. Con carácter previo á aprobación de todo proxecto de obra pública municipal deberá aportarse informe xustificativo da conformidade do proxecto co planeamento e normativa urbanística do Concello de Ponte Caldelas. Ditos replaneo e informe foron expedidos polo Técnico municipal con data 30 de xaneiro de 2015.

3. O expediente será obxecto de tramitación ordinaria e adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do disposto no artigo 171.d. do Real Decreto Legislativo 3/2011.

4. En data 30.01.15 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto e solicitada unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra en virtude do Plan Provincial de Obras e Servizos, en data 27.02.15 foi concedida unha axuda por un importe global para varios proxectos de 169.694,33 €

5. Constan no expediente orzamentos para a Coordinación de Seguridade e Saúde de 25.03.15 e para a Dirección de Execución Material da Obra de 26.03.15.

6. En data 06.04.15 elaboráronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

7. Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención así como certificado de Intervención de data 06.04.15, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

8. En data 06.04.15 por Resolución de Alcaldía nº 152 aprobouse o expediente de contratación das obras de SANEAMENTO DE FECAIS AVECIL ESTE (PONTE CALDELAS), incluídas no proxecto técnico, aprobado e debidamente replaneado, e cun orzamento de execución por contrata que ascende a contía de 81.495,82 € (IVE INCLUÍDO), mediante procedemento negociado. Aprobáronse tamén os pregos de cláusulas administrativas particulares e o Anexo I de descrición de melloras e valoración.

9. En data 06.04.15 designouse como Director de Obra ao Técnico municipal, D. Antonio Liste Alejandro, como Directora de Execución Material da Obra a D^a Ana Belén Crespo Iribarne e como Coordinador de Seguridade e Saúde a D. Ángel M. Roncero.

10. Aprobouse o gasto por importe de **81.495,82 € (IVE INCLUÍDO)** con cargo á partida 160/619.00 do vixente orzamento municipal para o ano 2015.

11. Na mesma data dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación e invitouse a participar no procedemento negociado ás seguintes empresas:

- Construcciones Caldevergazo, SL
- Construcciones EC Casas, SL
- COVSA – Construcciones, Obras y Viales, SA
- Construcciones Taboada e Ramos S.L.

12. Con data do 24.04.15, o Alcalde na súa calidade de órgano de contratación, asistido do secretario, procede ao exame da documentación administrativa, contida nos sobres 1 das catro ofertas admitidas. Requiríuselle a declaración responsable do licitador ás seguintes empresas:

- COVSA – Construcciones, Obras y Viales, SA
- Construcciones Taboada e Ramos S.L.

13. En data 29.04.15 e, unha vez recibida a documentación requirida, procédese á apertura das ofertas e melloras por parte do órgano de contratación, co resultado que se reflicte a continuación:

EMPRESA	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN (m ²)	PREZO	IMPORTE	VALORACIÓN
CALDEVERGAZO SL	Pavimento de mezcla bituminosa en caliente de composición densa AC16 –surf 50/70 D con árido granítico e betún asfáltico de penetración, extendida e compactada ó 97% ensaio Marshall espesor 6 cm, i/limpeza de ambos marxes e barrido e limpeza superficial de firme, por medios mecánicos e manuais	150,00	10,41 €	1.561,50 €	15,00
CONST. TABOADA Y RAMOS, SL		95,00	10,41 €	988,95 €	9,50
COVSA		70,00	10,41 €	728,70 €	7,00
EC CASAS		62,00	10,41 €	645,42 €	6,20

14. Outorgouse a seguinte valoración ás ofertas presentadas:

1. Construcciones Caldevergazo, SL: 15,00 puntos
2. Construcciones Taboada y Ramos, SL: 9,50 puntos
3. COVSA: 7,00 puntos
4. EC CASAS, SL: 6,20 puntos

15. Por Resolución de Alcaldía nº 200 de 29.04.15 declarouse como oferta economicamente máis vantaxosa para a contratación das obras de **SANEAMIENTO DE FECAIS AVECIL ESTE (PONTE CALDELAS)** a presentada por **Construcciones Caldevergazo, SL**, por un importe de **67.351,92 €**, máis un IVE de **14.143,90 €**, total **81.495,82 €**, máis as melloras presentadas en data 16.04.15 que son as seguintes:

UD	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN	PREZO	IMPORTE	VALORACIÓN
m2	Pavimento de mezcla bituminosa en caliente de composición densa AC16 –surf 50/70 D con árido granítico e betún asfáltico de penetración, extendida e compactada ó 97% ensaio Marshall espesor 6 cm, i/limpeza de ambos marxes e barrido e limpeza superficial de firme, por medios mecánicos e manuais	150,00	10,41 €	1.561,50 €	15,00

16. Con data 07.05.15 foi rexistrado no Concello o aval constituído pola empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, SL** en data 04.05.15 por un importe de **3.367,60 €** en concepto de **garantía definitiva** para garantir a correcta execución da

obra: **“SANEAMENTO DE FECAIS AVECIL ESTE (PONTE CALDELAS)”**, coa Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, SA, certificado de seguro de caución nº: 4.130.485.

17. Vista a documentación presentada pola citada empresa con data de 07.05.15 relativas ás obrigas tributarias.

18. Visto o informe do ORAL de que non figura como debedor en período executivo da Facenda municipal de data 07.05.15.

19. Visto o informe da Intervención municipal de data 08.05.15.

Á vista das miñas competencias establecidas no establecido no artigo de 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público **RESOLVO**:

Primeiro. Adxudicar o contrato da obra **SANEAMENTO DE FECAIS AVECIL ESTE (PONTE CALDELAS)** á empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, SL** polo importe de **67.351,92 €**, **SESENTA E SETE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS**, máis un **IVE de 14.143,90 €**, **CATORCE MIL CENTO CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (81.495,82 € IVE engadido, oitenta e un mil catrocentos noventa e cinco euros con oitenta e dous céntimos)**, máis as melloras presentadas en data 16.04.15:

UD	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN	PREZO	IMPORTE	VALORACIÓN
m2	Pavimento de mezcla bituminosa en caliente de composición densa AC16 –surf 50/70 D con árido granítico e betún asfáltico de penetración, extendida e compactada ó 97% ensaio Marshall espesor 6 cm, i/limpeza de ambos marxes e barrido e limpeza superficial de firme, por medios mecánicos e manuais	150,00	10,41 €	1.561,50 €	15,00

Segundo. Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP.

Terceiro. Requirirse á empresa para que presente o Plan de Seguridade e Saúde para que sexa aprobado polo Concello.

Cuarto. Notificar a todos os interesados no procedemento e publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 8 de maio de 2015

O Alcalde,
Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

A Secretaria acctal.,
Asdo.: Celia Rodríguez Adán

